



Primeiros meses. A crianza deitada

Lois Ferradás Blanco

Artigo

Novembro 2006

Resumo

O contorno físico e social que rodea aos nenos e nenas dende o seu nacemento, debe responder ás súas necesidades básicas de benestar, (alimentación, afectividade, xogo, seguridade, relacións,..) e ofrecer estímulos adecuados para axudalos/as no seu desenvolvemento. Os nenos e nenas van descubrindo o mundo que os/as rodea partindo de si mesmos e coa axuda dos demais.

Palabras Chave: Comunicación, benestar, estímulos, contorno, relacións afectivas, identidade

O corpo como canle de comunicación

A crianza acabada de nacer pódese comunicar ben coas persoas maiores que a coidan, e faino valéndose de todo o corpo. Por exemplo, sorrí mentres move os dedos das mans e dos pés, ou os brazos e as pernas; fixa atentamente a súa mirada na cara do/a adulto/a ou nos obxectos que lle atraen; produce unha serie de sons que a divirten e a entreteñen; chora de maneiras distintas, que poden ser interpretadas e percibidas por quen a coñece ben.

Durante os seus primeiros meses de vida, cando está esperta, pasa gran parte do tempo en contacto coas persoas que a coidan, lle dan a comida, que a lavan e a cambian: as distintas fases destas operacións, representan para ela a experiencia dun contacto cálido e estimulante, ao ser manipulada, levada en brazos, arrolada, mimada, sempre co acompañamento da voz de quen lle dá seguridade. Trátase dunha relación seria, íntima de persoa a persoa, sen infantilismos traidores. Mentres chupa, vemos que a meniña ou meniño intenta coller cunha man o peito da nai, tocar o biberón ou apertar un dedo de quen a/o alimenta. Durante o baño, os dous entretéñense con alegres xogos, sons divertidos ou breves cancións improvisadas.

Necesidade de contacto cos demais

A medida que se alarga o tempo no que o bebé permanece esperto, aumenta a súa necesidade de xogar e de estar en compañía. A súa percepción do ambiente faise máis aguda, mentres a súa curiosidade latente é estimulada pola variedade de experiencias sensoriais que atopa no seu arredor.

Esta crecente necesidade de xogos e estímulos, por parte da crianza, será satisfeita polas persoas da familia; tódolos familiares divertiranse “investindo parte do seu tempo” coa crianza, e responderá con alegría a estas atencións. Para a criatura, o contacto e agarimo, é unha necesidade, coma o “pan de cada día”, e nós ofrecémolo con naturalidade. A través

destes intercambios afectivos aumenta na crianza a percepción da súa propia identidade e, ao mesmo tempo, empeza a se poñer en marcha o proceso do dominio dos movementos.

O neno ou nena, aos catro meses, xa será capaz de levar o polgar ou outro dedo á boca cando desexa prolongar o consolo e o pracer de chupar. Pode parecer un acto de pouca importancia, pero para a crianza é un punto de chegada; demostra a súa capacidade de satisfacer unha necesidade de consolo coa idea de levar un obxecto á boca: neste caso, o polgar.

Este acto demostra efectivamente que aprendeu algo, que ocorreu un proceso que levará adiante collendo novos obxectos, un axóuxere, por exemplo; este proceso ensancharase rapidamente, grazas ao coñecemento e á conquista do mundo que a rodea.

Pasa, desta maneira, do primeiro e único “xoguete” (o corpo da persoa que a coida), a unha serie de obxectos cada vez máis rica e máis variada.

Pero todo isto ocorrerá con resultados proporcionais á toma de conciencia dos/as adultos/as respecto ao que está a suceder nel. A partir do momento en que a crianza é capaz de coller un obxecto e levala á boca, empeza unha nova fase de aprendizaxe. Mentres está no seu contorno, animada por tódolos estímulos que lle chegan da vida en familia, e se lle pon á súa disposición certa variedade de obxectos, esta fase de aprendizaxe resultarlle doada.

Pouco a pouco, o bebé empezará a durmir menos; alongando deste xeito, o tempo en que permanece esperto durante o día e reclamando con máis frecuencia a compañía das persoas maiores que coñece. Isto é un pouco menos cómodo para os/as maiores, “sempre tan ocupados”. Pero, se estamos convencidos da importancia de crear intereses e estímulos para o neno/a, atenderemos as súas peticións e poderemos proporcionarlle xoguetes pequenos e obxectos sinxelos cun gasto mínimo.

Proporcionarlles un chan acolledor

Os nenos e nenas necesitan estar nun lugar no que poidan mirar todo arredor pola súa conta, e andar a gatas. Para isto hai que dispoñer dun anaco bastante grande de chan cuberto adecuadamente (o mellor é moqueta), no que a crianza estea cómoda descalza (para que utilice os dedos dos pés). Hai que favorecer que os nenos e as nenas dominen o seu corpo e os seus movementos.




Ofrecerlles estímulos coa decoración do ambiente

A habitación na que a crianza pasa o día ten que ofrecer estímulos para a vista. Se facemos a proba de deitarnos onde está o berce do bebé, darémonos conta do limitado que é o seu panorama. No caso de que non poida ver cousas dende o berce, non o debemos deixar alí mentres está esperto. Pero hai distintos sistemas para facer máis vivo e estimulante o ambiente que rodea a súa camiña. Pódense colgar do teito unhas “construcións” (móviles) que se moven lentamente no aire con toda a súa carga de cores e/ou sons.



Ademais, pódense adornar as paredes con “cadros” feitos con recortes de folletos: representacións de distintos animais, paxaros ou bolboretas, cans, gatos, vacas, ... representacións de flores, escenas de nenos e nenas xogando, ou paisaxes. As flores e plantas fan máis bonito o ambiente. As fundas, cortinas, manteis e cobertores de camas decorados de flores axudarán tamén a dotar o ambiente de cor e alegría.



A idea principal que deberíamos ter presente ao elixir a decoración é crear un lugar do que as persoas maiores e as crianzas poidan pensar: “isto é divertido”, “aquí estase ben”. É importante que isto sexa de verdade, especialmente para os/as adultos/as, porque se non é para eles, menos o poderá ser para os nenos e as nenas.

Desenvolvendo as primeiras actividades

Cando o bebé se move, no chan, espermexa e colle os obxectos máis próximos para levalos á boca. Neste seu novo espazo, é necesario subministrarlle unha rica variedade de cousas de madeira: cubos, esferas, bolas gordas pasadas por un colar e ben atadas, unha culler de madeira, axóuxeres, ...

En contacto con todos estes xoguetes, parece que a crianza se propón descubrilos; a súa capacidade innata de aprendizaxe, en pouco tempo estará en pleno desenvolvemento.


Tal como facemos no que se refire á súa dieta alimenticia (preocupámonos de incluír nela cada día o ingrediente adecuado), compre subministrarlle a súa “dieta mental”, asegurando a súa boa calidade, a continuidade e os descubrimentos no mundo que o rodea. Non podemos esquecer que o seu cerebro, nesta fase, desenvólvese rapidamente e, como calquera outra parte do corpo require alimento, estímulo e exercicio. Pode ocorrer que lle fagamos padecer a un bebé certa forma de alimentación insuficiente, de xaxún mental, se non comprendemos todas as súas necesidades e se non as satisfacemos.

Referencias

Preescolar na Casa: “Cadernos de Preescolar na Casa”, 33. Lugo <<http://www.preescolamacasa.org>>

Cita recomendada

Ferradás Blanco, Lois (2006): “Os primeiros meses. A crianza deitada”. Chupeta. Xunta de Galicia. Vicepresidencia. [Data de consulta:dd/mm/aa]. [dirección web <http://>]



Esta obra está baixo a licenza Recoñecemento – Non comercial – Obras derivadas baixo a mesma licenza 2.5 de Creative Commons. Pódeas copiar, distribuír e comunicar publicamente sempre que especifique o seu autor e a Xunta de Galicia; non a utilice para fins comerciais; pode facer obras derivadas e distribuila cunha licenza coma esta. A licenza completa pódese consultar en <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.5/deed.gl>.